

# O XOGO DA OCA E O CAMIÑO DE SANTIAGO

Sabiades que o XOGO DA OCA é unha representación do Camiño de Santiago e que a creación do xogo atribúieselle aos Cabaleiros Templarios no século XII?.

Por que un xogo? A maioría da poboación da época era analfabeta e non sabían ler nin escribir, e había moitos idiomas diferentes, xa que había xentes de moitos lugares. Así pois, a única forma que atoparon de transmitir esa información e facilitar a comprensión da mesma, foi crear un taboleiro repleto de figuras distribuídas dunha forma numérica moi simbólica que permitise ás persoas lembralo e reproducilo facilmente, facendo coincidir os lugares onde a Orde estaba establecida e os puntos clave do Camiño.

De entre esas figuras hai unha que destaca sobre os demais emblemas: A OCA. Este animal encerra un gran significado nas mitoloxías antigas: é o mensaxeiro doutro mundo, personifica a sabedoría, pois domina a terra (camiña), a auga (nada) e o aire (voa). Representase xeralmente pola súa pata colocada cara arriba. O tarso palmeado da oca atópase abundantemente ao longo da viaxe, e supón unha clave compartida por grupos de iniciados, templarios e mestres construtores que marcaban localizacións de lugares especialmente emblemáticos

Eses sinais-guías, presentes no camiño, parecen recollerse crípticamente no xogo da oca, no que 13 ocas e varias casas con obstáculos e trampas reflicten as dificultades do camiño físico e espiritual do peregrino.

O xogo da oca componse dunha espiral, redonda ou cadrada, formada por 63 casiñas nas que se atopan repartidas 13 ocas, 9 obstáculos... e a Meta. É curioso que 13 sexan as ocas e 13 as xornadas que o Códice Calixtino establece para percorrer o camiño de Santiago. Vexamos agora que obstáculos e lugares aparecen no taboleiro que vos adxuntamos e como poden relacionarse coa experiencia de aprendizaxe do peregrino.

1. O peregrino comeza o Camiño en Saint Jean Pied de Port.
2. Real Colexiata de Roncesvalles. Orreaga.
3. Bosque de Erro.
4. Sanfermíns en Pamplona.
5. OCA no Alto do Perdón.
6. Puente la Reina. Ponte románica no río Arga.
7. Restos da antiga calzada romana pola que pasa o Camiño.
8. Fonte de viño antes do Mosteiro de Irache.

9. OCA sinalizando que faltan 640 km para Santiago.
10. Igrexa románica do Santo Sepulcro en Torres do Río.
11. Peregrino camiñando por terras de Navarra.
12. Ponte de Pedra en Logroño, polo que entran os peregrinos.
13. Mosteiro de Santa María A Real de Nájera.
14. OCA nos viñedos rioxanos.
15. Cruceiro de Azofra.
16. Santo Domingo da Calzada, “onde cantou a galiña despois de asada”.
17. Peregrino saudando a una peregrina ciclista.
18. OCA nos Montes de Oca.
19. POUSADA, un turno sen xogar!
20. Igrexa de San Xoan de Ortega.
21. Catedral gótica de Burgos.
22. Fonte de Rabé das Calzadas.
23. OCA cos símbolos do Camiño.
24. Ruínas do Convento de San Antón.
25. Castroxeriz.
26. DADOS. Se caes nesta casaña, avanza ata o número 53.
27. OCA na Ponte Fitero sobre o río Pisuerga.
28. Peregrino selando a súa credencial nun albergue.
29. Monumento templario de Santa María A Branca, en Villalcázar de Sirga.
30. Igrexa de Santa María do Camiño en Carrión dos Condes.
31. O POZO. Dous turnos sen xogar!
32. OCA a 378 km de Santiago.
33. Igrexa románica de Santo Tirso, en Sahagún.
34. O peregrino con outros peregrinos.

35. O Camiño entre árbores en O Burgo Ranero.
36. OCA nas antigas bodegas de Reliegos.
37. Arco da Concepción en Mansilla das Mulas.
38. Catedral gótica de León.
39. Ponte do Passo Honroso sobre o río Órbigo.
40. Cruceiro de Santo Toribio preto de San Xusto da Veiga.
41. OCA con sinal indicativa.
42. O LABIRINTO. Retrocede á casiña 30.
43. Palacio Episcopal de Antonio Gaudí en Astorga.
44. Casas de Castrillo dos Polvazares.
45. OCA descansando baixo o vello carballo de El Ganso.
46. Cruz de Ferro en Foncebadón, o punto máis alto do Camiño, a 1500 metros.
47. Castelo dos Templarios de Ponferrada.
48. Igrexa de Santiago en Villafranca do Bierzo.
49. Peregrino subindo a O Cebreiro.
50. OCA coa palloza ao fondo.
51. Estatua do Peregrino no Alto de San Roque.
52. CÁRCERE de Triacastela. Dous turnos sen xogar!
53. DADOS. Retrocede ata a número 26!
54. OCA. Faltan 100 km ata Santiago.
55. Igrexa de San Nicolás de Portomarín.
56. Castelo de Pambre en Palas de Rei.
57. Horreo típico de Galicia.
58. A MORTE. Volve a empezar o xogo desde a primeira casiña.
59. OCA en Arzúa cos seus queixos.
60. Peregrino aseándose antes de chegar a Santiago na Lavacolla.

61. Monte do Gozo, desde onde se ven as torres da catedral.
62. O peregrino polo barrio dos Concheiros e a Rúa de San Pedro, entrando en Compostela.
63. A Catedral de Santiago de Compostela, final do Camiño e do xogo.



Podedes aumentar o tamaño e imprimir esta oca para xogar con ela en familia. A divertirse! Se nos enviades unha fotografía na que se vos vexa xogando, conseguiredes un carimbo novo na Credencial da Lingua. Lembraide que o correo para enviar a foto é [música@ceipdelaredo.com](mailto:música@ceipdelaredo.com) . ( Data límite de entrega: 29 de xaneiro)

Como o próximo día 30 de xaneiro é o DÍA DA ILUSTRACIÓN, tamén vos deixamos o taboleiro sen debuxos para facer a vosa propia versión da OCA DO CAMIÑO DE SANTIAGO con ilustracións, debuxos, fotos recortadas, personaxes,... inventados por vós. Animádevos, porque quen o complete artisticamente terá dous carimbos na Credencial da Lingua! Enviade a foto do voso propio taboleiro ao correo de sempre; [música@ceipdelaredo.com](mailto:música@ceipdelaredo.com) . Grazas por participar!

( Data límite de entrega: 29 de xaneiro)

